



VIII Concurso de fotografía A Muller Traballadora

BASES

O Concello do Grove (Pontevedra), a través da Concellería de Igualdade, convoca este concurso que se rexerá polas seguintes bases:

PRIMEIRA. Poderá participar calquera persoa física maior de idade que presente unha obra súa, orixinal e inédita. Cada autora ou autor poderá presentar un máximo de tres fotografías en formato impreso ou dixital.

SEGUNDA. Con motivo do Día Internacional da Muller, na que se conmemora a loita da muller pola súa participación e igualdade de xénero na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa, convócase este concurso centrado no ámbito do traballo e co que se pretende que, a través das imaxes, se reflicta o traballo das mulleres en calquera eido.

TERCEIRA. As fotografías deberán ser orixinais e non premiadas noutros concursos. Poderán presentarse en vertical ou horizontal e admitiranse fotos en cor e en branco e negro, quedando prohibido o uso de programas de retoque fotográfico.

Aquelas fotografías nas que apareza unha persoa identificable, deben contar co consentimento da persoa retratada. O xurado pode requirir este consentimento por escrito.

CUARTA. Enviarase cada fotografía individualmente, coa indicación “VIII Concurso de fotografía A Muller Traballadora”. Cada fotografía deberá ir acompañada da folia de inscrición anexa a estas bases cuberta e a fotocopia do DNI. As fotos poderán enviarse en formato electrónico ao enderezo de correo electrónico casadacultura@concellodogrove.es ou remitirse en formato impreso ao enderezo postal:

*Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey
Monte da Vila, 11
36980 O Grove (Pontevedra)*

QUINTA. O prazo de inscrición estará aberto desde a publicación das presentes bases na Web municipal (www.concellodogrove.es) ata o venres 22 de febreiro de 2019, incluído.

SEXTA. Establécense os seguintes premios:

- 1º premio: 350 €
- 2º premio: 250 €
- 3º premio: 150€
- Premio *Impulso á promoción da muller*: 150€
Premio á fotografía que promova a igualdade, o desenvolvemento profesional e o liderazgo das mulleres na súa incorporación a postos de responsabilidade e dirección

SÉTIMA. O xurado, cuxos membros serán dados a coñecer antes da concesión do premio, estará composto por integrantes do Consello Local de Igualdade e por profesionais relacionados co mundo da arte e a fotografía. Actuará como secretario/a do xurado, con voz e sen voto, un técnico/a do Concello. Os premios entregaranse no marco da Gala dos Premios Meca da Igualdade.

OITAVA. O Concello do Grove resérvase todos os dereitos de propiedade e uso das fotografías premiadas, citando sempre o nome do/a autor/a. A fotografía gañadora será empregada na campaña do Día Internacional da Muller Traballadora. O Concello do Grove farase cargo da impresión das 10 fotografías con maior puntuación, que serán expostas ao público durante o mes de marzo.

NOVENA. A organización resérvase o dereito de modificar estas bases en beneficio do bo funcionamento deste concurso.

DÉCIMA. A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases e a decisión do xurado, que será inapelable.



VIII Concurso de fotografía

La Mujer Trabajadora

BASES

El Ayuntamiento de O Grove (Pontevedra), a través de la Concejalía de Igualdad, convoca este concurso que se regirá por las siguientes bases:

PRIMERA. Podrá participar cualquier persona física mayor de edad que presente una obra suya, original e inédita. Cada autora o autor podrá presentar un máximo de tres fotografías en formato impreso o digital.

SEGUNDA. Con motivo del Día Internacional de la Mujer, en el que se conmemora la lucha de la mujer por su participación e igualdad de género en la sociedad y en su desarrollo íntegro como persona, se convoca este concurso centrado en el ámbito del trabajo y con el que se pretende que, a través de las imágenes, se refleje el trabajo de las mujeres en cualquier ámbito.

TERCERA. Las fotografías deberán ser originales y no premiadas en otros concursos. Podrán presentarse en vertical u horizontal y se admitirán fotos en color y en blanco y negro, quedando prohibido el uso de programas de retoque fotográfico.

Aquellas fotografías en las que aparezca una persona identificable, deben contar con el consentimiento de la persona retratada. El jurado puede requerir este consentimiento por escrito.

CUARTA. Se enviará cada fotografía individualmente, con la indicación "VIII Concurso de fotografía La Mujer Trabajadora". Cada fotografía deberá ir acompañada de la hoja de inscripción anexa a estas bases cubierta y la fotocopia del DNI. Las fotos podrán enviarse en formato electrónico a la dirección de correo electrónico casadacultura@concellodogrove.es o remitirse en formato impreso a la dirección postal:

*Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey
Monte da Vila, 11
36980 O Grove (Pontevedra)*

QUINTA. El plazo de inscripción estará abierto desde la publicación de las presentes bases en la Web municipal (www.concellodogrove.es) hasta el viernes 22 de febrero de 2019, incluido.

SEXTA. Se establecen los siguientes premios:

- 1º premio: 350 €
- 2º premio: 250 €
- 3º premio: 150€
- Premio *Impulso a la promoción de la mujer*: 150€
Premio a la fotografía que promueva la igualdad, el desarrollo profesional y el liderazgo de las mujeres en su incorporación a puestos de responsabilidad y dirección

SÉPTIMA. El jurado, cuyos miembros serán dados a conocer antes de la concesión del premio, estará compuesto por integrantes do Consejo Local de Igualdad y por profesionales relacionados con el mundo del arte y la fotografía. Actuará como secretario/a del jurado, con voz y sin voto, un técnico/a del ayuntamiento. Los premios se entregarán en el marco de la Gala de los Premios Meca da Igualdad.

OCTAVA. El ayuntamiento de O Grove se reserva todos los derechos de propiedad y uso de las fotografías, citando siempre el nombre del/a autor/a. La fotografía ganadora será empleada en la campaña del Día Internacional de la Mujer Trabajadora. El Ayuntamiento de O Grove se hará cargo de la impresión de las 10 fotografías con mayor puntuación, que serán expuestas al público durante el mes de marzo.

NOVENA. La organización se reserva el derecho de modificar estas bases en beneficio del buen funcionamiento de este concurso.

DÉCIMA. La participación en este concurso implica la total aceptación de las presentes bases y la decisión del jurado, que será inapelable.

VIII Concurso de Fotografía "A Muller Traballadora"

FOLLA DE INSCRICIÓN / HOJA DE INSCRIPCIÓN

Datos do/a autor/a:

Datos del/a autor/a:

NOME/NOMBRE: _____

APELIDOS/APELLIDOS: _____

ENDEREZO/DIRECCIÓN: _____

POBOACIÓN/POBLACIÓN: _____ CP: _____

TELÉFONO: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

Datos da fotografía:

Datos de la fotografía:

TÍTULO DA OBRA/TÍTULO DE LA OBRA: _____

Declaro que lin, comprendo e acepto as bases do concurso.

Declaro que lei, comprendo y acepto las bases del concurso.

(Firma / Sinatura)

Infórmase que os seus datos formarán parte do ficheiro denominado Actividades coas seguintes finalidades: promoción e desenvolvemento de actividades do concello, promoción da cultura e o deporte. Os seus datos poderán ser comunicados a entidades bancarias para o cobro de adeudos domiciliados e a aquelas administracións públicas, entidades públicas ou privadas que colaboren na actividade. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, oposición e cancelación dirixíndose ao Concello do Grove.